

INFORME CONXUNTO DE RECURSOS HUMANOS, SECRETARÍA E INTERVENCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓNS DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO, LABORAL E EVENTUAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2024

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- De conformidade coa proposta do deputado delegado de persoal no orzamento provincial do ano 2024 modifícase o cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal funcionario e laboral da Deputación de Pontevedra pola incorporación dunha serie de cambios que se explican nos seguintes apartados:

a) Creación das seguintes prazas e/ou postos:

Unha vez valoradas as peticións das diferentes xefaturas de Servizo, direccións de centros, vicepresidencias e deputados delegados de área, co fin poder cubrir as necesidades de carácter permanente, optimizar os servizos e levar a cabo con eficacia, eficiencia e dilixencia os numerosos programas de actuación e proxectos de inversión que se pretenden executar neste novo mandato, contemplase a creación das seguintes prazas e postos:

1. RELACIÓN DE PRAZAS DE NOVA CREACIÓN NA RPT DO PERSOAL FUNCIONARIO

Nº prazas 27 + 5
reconversión

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Administrativo/a admón. xeral	C1	Administrativo/a	20	Benestar social	231
1 Oficial/a control e vixilancia (R)	C2	Oficial/a de control e vixilancia	17	Príncipe Felipe	232
1 Administrativo/a admón. xeral	C1	Administrativo/a	20	Príncipe Felipe	232
1 Técnico/a medio/a de admón. xeral	A2	Técnico/a de xestión	23	Promoción de emprego	240
1 Técnico/a medio/a en tradución	A2	Técnico/a medio/a en tradución	23	Patrimonio documental	332
1 Conservador/a	A1	1 Conservador/a	25	Museo Provincial	333
1 Axudante/a arquivo documental	A2	1 Axudante/a arquivo documental	23	Museo Provincial	333
1 Axudante/a de educación	A2	1 Axudante/a de educación	23	Museo Provincial	333
1 Analista laboratorio	C1	Analista de laboratorio	20	Medio ambiente FM	410
1 Enxeñeiro/a forestal	A2	Enxeñeiro/a forestal	23	E.F. Areeiro	413
1 Administrativo/a admón. xeral	C1	Administrativo/a	20	Turismo	433



1 Técnico/a informador/a turístico/a	C1	Técnico/a informador/a turístico/a	20	Turismo	433
1 Enxeñeiro/a técnico/a industrial	A2	Enxeñeiro/a técnico/a industrial	23	Arquitectura	457
1 Arquitecto/a técnico/a	A2	Arquitecto/a técnico/a	23	Arquitectura	457
1 Técnico/a auxiliar en relacións laborais	C1	Técnico/a especialista en relacións laborais	20	RRHH e Formación	921
1 Técnico/a auxiliar en preimpresión	C1	Técnico/a auxiliar en preimpresión	20	Comunicación	924
2 Técnico/a de sistemas (R)	A2	Técnico/a de sistemas	23	NNTT	926
1 Programador/a web	C1	Programador/a web	20	NNTT	926
1 Deseñador/a (R)	C1	Deseñador/a	20	NNTT	926
1 Administrativo/a AX	C1	Administrativo/a	20	Intervención	931
1 Técnico/a xurídico (R)	A1	Adxunto/a á xefatura de servizo xurídico tributario	23	Oral	932
1 Técnico/a de xestión tributaria	A2	Técnico/a medio/a de xestión tributaria	23	Oral	932
8 Administrativos/as rama tributaria	C1	Administrativo/a de xestión tributaria	20	Oral	934
1 Técnico/a de admón. xeral	A1	Técnico/a administrativo	25	Cooperación	942

A creación dunha praza de administrativo/a de admón. xeral, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20, adscrito ao **Servizo de Benestar Social**, responde ao cambio de adscrición do posto e do funcionario titular ao Servizo Oral, así como a insuficiente dotación de persoal administrativo para a tramitación dos expedientes de subvencións do Servizo.

A creación de dunha praza de oficial/a de control e vixilancia, subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, adscrita a **Príncipe Felipe**, contemplase co fin de unificar no mesmo grupo de clasificación as prazas que veñen desenvolvendo as mesmas funcións. A creación desta praza levarase a cabo sobre unha praza de axudante de control e vixilante, do grupo E, a cal se declara a extinguir unha vez finalizado o correspondente proceso selectivo, co obxecto de non duplicar a consignación orzamentaria.

A creación dunha praza de administrativo/a, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, adscrito ao **Centro Príncipe Felipe**, realízase con cargo á amortización dunha praza de nivel inferior de auxiliar, para reforzar o servizo de administración e xestión do persoal, que require dispor de persoal especializado para colaborar na tramitación de expedientes, elaboración de informes, preparación da documentación etc..

A creación dunha praza de técnico/a medio/a de admón. xeral, subgrupo A2, con posto de traballo de técnico/a de xestión, nivel 23, adscrito ao **Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local**, efectúase para poder garantir un correcto funcionamento do servizo, dado o elevado número de programas formativos que nestes momentos se están xestionando.



A creación dunha praza de técnico/a medio/a en tradución do subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación nivel 23, adscrito ao **Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico**, deriva da falta dun perfil técnico que se encargue da tradución, corrección lingüística e revisión de textos da Editorial.

A creación das prazas de conservador/a do subgrupo A1, de axudante/a de arquivo documental do subgrupo A2 e de axudante/a de educación do subgrupo A2, con postos de traballo de igual denominación adscritos ao **Museo Provincial**, compensase coa amortización de tres postos de traballo vacantes na RPT de persoal laboral fixo dese Centro, de igual categoría, coa intención de unificar o réxime xurídico do persoal adscrito a este Centro.

A creación dunha praza de analista de laboratorio, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, adscrito ao **Servizo de Medio ambiente Finca Mouriscade**, motivase no volume de traballo existente no laboratorio e nos cambios de adscrición de dous postos deste centro por redistribución de efectivos.

A creación da praza de enxeñeiro/a forestal, do subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 23 de complemento de destino, adscrito ao **Servizo da Estación Fitopatolóxica de Areiro**, xustifícase para a elaboración de estudos e informes de arboredo e xardíns, que demandan a práctica totalidade dos concellos da provincia. Este posto encargarase das tarefas de campo, como mapificación e identificación de especies obxecto de estudo, recollida de mostras e elaboración de informes seguindo as indicacións e protocolos da EFA.

A creación dunha praza de administrativo/a de admón. xeral, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20, adscrito ao **Servizo de Turismo**, proponse por necesidades do servizo, ao non dispor de persoal suficiente para a tramitación administrativa, e para cadrar os movementos de persoal por atribución temporal de funcións.

A creación da praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial, do subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 23, adscrito ao Servizo de Arquitectura e Urbanismo, xustifícase na falta de persoal técnico que se encargue da xestión, coordinación, control e resolución da contratación da subministración eléctrica e de gas, así como, das incidencias relativas ao subministro eléctrico e as operacións de revisión e mantemento das instalacións dos edificios nos proxectos e obras que executa este Servizo; así como para levar a dirección de execución de obras en materia de instalacións, elaboración de proxectos parciais, memorias, informes, medicións, orzamentos, estudos, planos relativos ás instalacións dentro dos proxectos e obras, etc.

A creación da praza de arquitecto/a técnico/a, do subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 23, adscrito ao Servizo de Arquitectura e Urbanismo, débese á necesidade de dotar o Servizo de persoal técnico especializado que colabore na preparación da documentación técnica, supervisión das numerosas contratacións de asistencias técnicas para a redacción dos



proxectos de obras; dirección de execución de obras, ou a elaboración de informes técnicos de distinta índole (urbanísticos, relativos á execución de obras relacionadas con subvencións concedidas etc.)

A creación dunha praza de técnico/a informador/a turístico/a, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, adscrito ao **Servizo de Turismo**, ven a fortalecer o servizo de atención ao público e información turística.

A creación dunha praza de técnico/a auxiliar en relacións laborais, subgrupo C1, con posto de traballo de técnico/a especialista en relacións laborais, nivel 20, adscrito ao **Servizo de Recursos Humanos e Formación**, impulsase para completar o equipo de traballo na Sección de nóminas, dada a alta responsabilidade e complexidade das tarefas a desenvolver, o elevado número de variables e incidencias que se resolven mensualmente así como as comprobacións e cálculos mensuais que se teñen que realizar para o cadre de nómina e seguros sociais, sendo preciso efectuar unha redistribución de funcións para mellorar a organización do servizo, sobre todo tendo en conta a próxima xubilación da persoa responsable da sección de nóminas.

A creación dunha praza de técnico/a auxiliar en preimpresión, subgrupo C1, con posto de traballo de técnico/a especialista, nivel 20, adscrito ao **Servizo de Comunicación**, levase a cabo con cargo á amortización dun posto das mesmas características, de técnico/a auxiliar teclista, de persoal laboral fixo, e configúrase cun perfil mais adecuado ás actividades que competen ao servizo.

A creación de dúas prazas de técnico/a de sistemas, subgrupo A2 e programador do subgrupo C1, con postos de traballo de igual denominación, niveis 23 e 20, respectivamente, adscritos ao **Servizo de NNTT**, deriva do volume de traballo existente así como da necesidade de dar estabilidade e mellorar a estrutura de persoal do Servizo e adaptala ao contido das labores que se deben acometer. A creación desta prazas promóvese sobre outras do subgrupo C1, unha de programador de expedientes e outra de técnico informático, que se declaran a extinguir unha finalizados os correspondentes procesos selectivos para así non duplicar a consignación orzamentaria.

A creación dunha praza de deseñador/a, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, adscrito ao **Servizo de NNTT**, prodúcese por equiparación con outras do mesmo contido e grupo de clasificación, a través do sistema de reclasificación de persoal e con cargo a amortización dunha praza de informático gravador/a, do grupo C2, con posto de traballo de auxiliar de deseño gráfico, a cal se declara a extinguir unha vez finalizado o correspondente proceso selectivo e co obxecto de non duplicar a consignación orzamentaria.

A creación dunha praza de administrativo/a, subgrupo C1, con posto de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, adscrito a área de **Intervención**, ven a completar a dotación de persoal no Servizo de Fiscalización e Asesoramento.



A creación de oito prazas de administrativo/a rama tributaria, subgrupo C1, con posto de traballo de administrativo/a de xestión tributaria, nivel 20, unha praza de técnico/a medio/a de xestión tributaria, con posto de traballo de igual denominación, adscritos ao **Servizo ORAL**, propónse para completar a estrutura de persoal, amortizando os postos de auxiliar, do subgrupo C2, que se atopan ou queden vacantes, para así unificar as funcións que están realizando e favorecer a promoción e consolidación do persoal nun grupo superior. Así mesmo inclúese a creación dunha praza de técnico/a xurídico tributario, subgrupo A1, con posto de adxunto/a á xefatura do servizo, nivel 27, por reclasificación e adecuación da praza ás funcións que ten encomendadas.

A creación dunha praza de técnico/a de admón. xeral, subgrupo A1, con posto de traballo de técnico/a administrativo/a, nivel de CD 25, adscrito ao Servizo de Cooperación, fundamentase no volume de traballo existente e a insuficiente dotación de persoal técnico para asumir a xestión de todos os plans e proxectos do Servizo.

b) Amortización das seguintes prazas e/ou postos:

A creación das prazas relacionadas no apartado anterior será compensada coa amortización das seguintes prazas e postos de traballo, que se atopan vacantes no cadro de persoal funcionario e laboral:

1. RELACIÓN DE PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO QUE SE AMORTIZAN **16 prazas (+5 de reconversión)**

Prazas	GR	Postos de traballo	CD	Servizo	CX
1 Axudante/a de control e vixilancia (R)	E	Axudante/a de control e vixilancia	14	Príncipe Felipe	232
1 Arquivoiro/a bibliotecario/a	A2	Técnico/a medio/a de arquivo e biblioteca	23	Patrimonio documental	332
1 Conservador/a	A1	Conservador/a	25	Museo Provincial	333
1 Axudante/a arquivo documental	A2	Axudante/a arquivo documental	23	Museo Provincial	333
1 Axudante/a de educación	A2	Axudante/a de educación	23	Museo Provincial	333
1 Auxiliar de admón. xeral	C2	Aux.. administrativo/a	18	Príncipe Felipe	432
1 Arquitecto/a	A1	Arquitecto/a	25	Arquitectura e Urban	457
1 Auxiliar de admón. xeral	C2	Aux. administrativo/a	18	RRHH	921
1 Programador/a de xestión expedientes (R)	C1	Programador/a de xestión de expedientes	20	NNTT	926
1 Técnico/a informático/a (R)	C1	Técnico/a informático/a	20	NNTT	926
1 informático/a gravador/a (R)	C2	Aux. deseño gráfico web	18	NNTT	926



1 técnico/a medio/a xurídico (R)	A2	Adxunto/a xefatura servizo xurídico tributario	25	Oral	934
1 Auxiliar administrativo (DLP)	C2	Auxiliar administrativo/a	18	Oral	934
2 Auxiliar admón. xeral (MGC), (ABGS)	C2	Auxiliar de xestión tributaria e información	18	Oral	934
6 Auxiliar admón. xeral	C2	Auxiliar de xestión tributaria e información	18	Oral	934

A amortización da praza de auxiliar de admón. xeral, do subgrupo C2, con posto de traballo de auxiliar administrativo, nivel 18 adscrito ao **Centro Príncipe Felipe**, motivase na creación doutra de nivel superior para reforzar o servizo de administración e xestión do persoal.

A amortización da praza de arquivado/a bibliotecario/a do grupo A2, con posto de traballo de técnico/a medio/a de arquivo e biblioteca, adscrito ao **Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico**, levase a cabo para poder crear unha praza do mesmo grupo de tradutor/a con destino á Editorial.

A amortización de tres postos de traballo de persoal laboral fixo no **Museo Provincial**, ven a financiar a creación das respectivas prazas no cadro de persoal funcionario, coa intención de unificar o réxime xurídico do persoal adscrito a este Centro.

A amortización da praza de axudante de control e vixilancia, do grupo E, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao **Centro Príncipe Felipe** ten por obxecto a creación doutra do grupo superior C2, por reclasificación e unificación dos postos que desenvolven as mesmas funcións.

A amortización desta praza de arquitecto/a, do subgrupo A1, que quedou vacante dos procesos de estabilización de emprego temporal, utilízase para compensar a creación de dúas prazas neste Servizo.

A amortización da praza de auxiliar de admón. xeral, do subgrupo C2 do **Servizo de RRHH e Formación**, xustifícase na necesidade de crear outra praza cun perfil específico e determinado para prestar apoio na xestión de nóminas e seguros sociais.

A amortización de dunha praza de programador/a de xestión de expedientes e outra de técnico/a informático/a, do subgrupo C1, con postos de traballo de igual denominación, nivel 20, adscritos ao **Servizo de NNTT**, prodúcese para poder fortalecer a estrutura de persoal creando prazas de nivel superior, que respondan ás necesidades do servizo.

A amortización dunha praza de informático/a gravador/a, do subgrupo C2, con posto de traballo de auxiliar de deseño web, nivel 18 adscrito ao **Servizo de NNTT**, efectúase para poder crear unha de nivel superior equiparada a outras do mesmo contido e grupo de clasificación.



A amortización de nove prazas de auxiliar do subgrupo C2, con posto de traballo de auxiliar de xestión tributaria e información, nivel 18, adscritas ao **Servizo Oral**, obedece á promoción ou traslado dos titulares, así como á creación doutras de nivel superior, para así garantir a adecuación de funcións aos postos de traballo a desempeñar. Así mesmo inclúese a amortización da praza de técnico/a medio/a xurídico por reclasificación noutra de nivel superior, seguindo o procedemento establecido para estas situacións.

2. RELACIÓN DE POSTOS DE PERSOAL LABORAL QUE SE AMORTIZAN (3 postos)

Posto de traballo	GR	CD	Servizo	CX
1 Técnico/a auxiliar teclista	C1	22	Comunicación	924
2 Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18	Oral	934

A amortización do posto de traballo laboral fixo de técnico/a auxiliar teclista, do grupo C1, nivel 22, adscrito ao **Servizo de Comunicación**, deriva da xubilación do titular.

A amortización de dous postos de traballo laborais fixos, de auxiliar de xestión tributaria e información, do subgrupo C2, nivel 18, adscritos ao **Servizo Oral**, xustifícase na creación doutras de nivel superior, para así garantir a adecuación de funcións aos postos de traballo a desempeñar.

Así mesmo, a creación das prazas sinaladas no apartado anterior compensase coa amortización de dez postos de traballo de persoal laboral fixo da Escola de Cantería que se traspasaron á Xunta de Galicia por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial celebrado o pasado 28/04/2023.

c) Creación dun novo Servizo

Na estrutura organizativa do persoal funcionario da Deputación Provincial créase un novo Servizo de "Xuventude e Reto demográfico", dependente do deputado delegado de Xuventude e reto demográfico, para integrar e por en marcha unha serie de medidas relacionadas con estas materias, algunhas das cales se levaban dende outros Servizos da Deputación, como o Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

A este Servizo atribúenselle unha serie de competencias, nas que se inclúen o Encontro provincial de Xuventude, os premios provinciais de xuventude, conferencias científicas de centros educativos, o programa de Campamentos de A Lanzada, o servizo de teleasistencia domiciliaria a concellos de menos de 20.000 habitantes, o programa "Hub dixital", as subvencións dirixidas a asociacións xuvenís, os convenios de actividades con nenos, o plan provincial de xuventude e outras de análoga natureza.



O Servizo constitúese cun organigrama e RPT na que se integran os seguintes postos, procedentes dos Servizos que xestionaban parte das materias que se trasladan ao novo Servizo:

Nº	Praza	Gr	Posto	CD	Situación
1	Técnico/a AX	A1	Xefatura de Servizo	29	Adscrición Provisional (BEB)
1	Técnico/a medio AX	A2	Técnico/a xestión	23	Ocupada por FI (HBR)
1	Administrativo/a AX	C1	Administrativo/a	20	Vacante nova creación
1	Encargado/a de instalacións	C1	Encargado/a de Instalacións A Lanzada	22	Ocupada por FC
2	Oficial/a de mantemento	C2	Oficial/a de mantemento	17	Ocupado por 1 FC e 1 FI

Así mesmo adscríbense a este Servizo as persoas que teñen un nomeamento de carácter temporal vinculado a estas materias, incluída a persoa contratada en prácticas polo plan "A túa primeira experiencia laboral".

d) Cambio de adscrición de postos de traballo entre Centros e Servizos

Ó abeiro do disposto no artigo 61 do Real decreto 364/95, de 10 de marzo, cambiase a adscrición dos seguintes postos de traballo co propósito de optimizar os efectivos ás necesidades reais existentes nos distintos Centros e Servizos da Deputación:

POSTO TRABALLO	Servizo/Centro RPT 2023	Servizo/Centro RPT 2024
Auxiliar administrativo/a (BVS)	Benestar Social	Príncipe Felipe
Administrativo/a (DLP)	Benestar Social	Oral
Técnico/a de xestión de proxectos (JRPG)	Promoción de Emprego	NNTT
Técnico/a especialista en educación diúrna (CNC)	Príncipe Felipe	Patrimonio Documental
Auxiliar administrativo/a (BCD)	Igualdade	Tesourería
Analista de laboratorio (SCP)	Medio Ambiente F.M.	E.F. Areeiro
Analista de laboratorio (APRR)	Medio Ambiente FM..	Polígono Barro Meis Cooperación
Auxiliar administrativo/a	RRHH e Formación	Intervención
Administrativo/a (AMPA)	Contratación	Museo Provincial
Xefatura de Sección Pesca e Cultivos Mariños	Asistencia Intermunicipal	Medio ambiente
Auxiliar administrativo/a (RCR)	Intervención	Contratación, Facenda e P
Administrativo/a (ECP)	Tesourería	Cooperación
Operador/a de teclado	Tesourería	Oral
Administrativo/a xefatura de negociado (JRA)	Oral	Tesourería
Auxiliar de xestión tributaria e información (SCP)	Oral	Príncipe Felipe



O cambio de adscrición do posto de traballo de auxiliar administrativo de **Cohesión Social** ao Centro Príncipe Felipe deriva dunha redistribución de efectivos para integrar á titular no Servizo no que exerce as súas funcións.

O cambio de adscrición de tres postos de administrativo dos **Servizos de Benestar Social, Tesourería e Contratación** aos Servizos do Oral, Cooperación e Museo, respectivamente, responde a unha redistribución de efectivos que pretende integrar aos titulares nos Servizos nos que desenvolven a súa actividade.

O cambio de a adscrición dun posto de traballo de técnico especialista en educación diúrna do **Centro Príncipe Felipe** ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, motivase nunha atribución temporal de funcións por razóns de saúde.

O cambio de adscrición do posto de traballo de técnico/a de xestión de proxectos, grupo A2, do **Servizo de Promoción de Emprego e DL** a Novas Tecnoloxías, prodúcese por redistribución de efectivos, co fin de incorporar ao titular no servizo onde veu desempeñando este posto de traballo nos últimos anos, e tendo en conta que coñece os procedementos que xestiona o Servizo e non existe outro posto que poda asumir as tarefas que lle corresponden.

O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo do **Servizo de Igualdade** a Tesourería levase a cabo por redistribución de efectivos para integrar á titular no Servizo no que realiza as súas funcións.

O cambio de adscrición de dous postos de traballo de analista de laboratorio, grupo C1, ocupados un por SCP e outro por APRR, do **Servizo de Medio ambiente Finca Mouriscade, o primeiro** á Estación Fitopatolóxica de Areeiro e o segundo ao Polígono Barros Meis do Servizo de Cooperación, ten por obxecto integrar á titular no Servizo no que ven desenvolvendo o seu posto de traballo.

O cambio de adscrición de dous postos de traballo de analista de laboratorio, do subgrupo C1, un para a Estación Fitopatolóxica de Areeiro, e outro para o Polígono Barros Meis, efectúase por redistribución de efectivos para incluílos no centro no que están executando as súas funcións.

O cambio de adscrición dun posto de auxiliar administrativo de **RRHH e Formación** á área de Intervención, efectúase por redistribución de efectivos e co fin de consolidar a dotación de persoal existente.

O cambio de adscrición do posto de xefatura de Sección de Pesca e Cultivos Mariños de **Asistencia Intermunicipal** a Medio Ambiente, prodúcese por ter a persoa titular, dereito á reserva de posto de traballo neste destino, atopándose actualmente en situación administrativa de servizos especiais.



O cambio de adscrición de dun posto de traballo de auxiliar administrativo/a, subgrupo C2, de **Intervención** ao Servizo de Contratación, propónse por redistribución de efectivos para integrar ao titular na área ou Servizo no que desenvolven a súa actividade.

O cambio de adscrición dun posto de auxiliar de xestión tributaria e información do **Servizo Oral** a Príncipe Felipe, obedece a unha redistribución de efectivos que pretende integrar á titular no Centro no que realiza a súa actividade.

O cambio de adscrición dun posto de operador/a de teclado, do subgrupo C1, nivel 20, do **Servizo Oral** a Tesourería, levase a cabo por estar desenvolvendo as súas funcións nese Servizo.

O cambio de adscrición do posto de traballo de administrativo/a xefatura de negociado do **Servizo do Oral**, ocupado por JRA, á área de Tesourería, responde á incorporación do titular na área na que desempeña o seu posto de traballo.

e) Cambios de adscrición do titular do posto por redistribución de efectivos

POSTO TRABALLO	Servizo/Centro RPT 2023	Servizo/Centro RPT 2024
Administrativo/a (María Varela Porral)	Cooperación	Turismo
Administrativo/a (Nicolás Ortega Rodríguez)	Asesoría Xurídica	Intervención
Administrativo/a (Alexandra Tato)	Intervención	Tesourería
Administrativo/a (María de las Virtudes Blanco Fariña)	Intervención	Tesourería
Administrativo/a (Jacobo Santome Seijas)	Intervención	RRHH e Formación
Administrativo/a (Sara Lago Rivas)	Prevenición	Intervención
Auxiliar administrativo/a (M ^a Aranzazu Tomé González)	Intervención	Cultura
Auxiliar administrativo/a (Andrea Muíños Dios)	Intervención	Deportes
Auxiliar administrativo/a (Ana Belén González Sanmartín)	Oral	Intervención

O cambio de adscrición dos titulares destes postos de traballo a outro Servizo xustifícase na existencia doutro posto vacante no Servizo ao que se destinan, así como no coñecemento e experiencia adquirida na tramitación dos procedementos de xestión dese Servizo.

f) Transformación dos seguintes postos:

Por razóns organizativas transformáronse os seguintes postos de traballo:

Amortización de postos	GR	Creacións de postos	GR
Adxunto/a á xefatura de Servizo Cohesión Social e Xuventude	A1-25	Xefatura de Servizo Benestar Social	A1-25



2 Oficial/a xefe de Cociña	C2-18	2 Cociñeiro/a	C2-18
1 Xefe/a de cociña	C1-21	1 Xefatura de cociña e comedor	C1-21
1 Auxiliar administrativo/a	C2-18	1 Auxiliar de xestión tributaria e información	C2-18
1 Administrativo/a de xestión catastral	C1-20	1 Administrativo/a de xestión tributaria	C1-20

A transformación dun posto de traballo de adxunto/a á xefatura de Servizo de Cohesión Social e Xuventude nunha xefatura de Servizo de Benestar Social, xustifícase nunha reestruturación do servizo ao trasladar parte das competencias e funcións ao novo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

A transformación de dous postos de traballo de oficial/a xefe/a de cociña, do grupo C2, en dous postos de Cociñeiro/a, do mesmo grupo e retribución, responde a un cambio de denominación para adecuar ás funcións que realmente teñen atribuídas e que veñen desempeñando, marcando a diferenza nas tarefas que lles corresponden, de cociñeiro e axudante de cociña

A transformación do posto de traballo de xefatura de cociña nunha xefatura de unidade de cociña e comedor, deriva da integración nun mesmo posto das funcións que teñen encomendadas estas dúas unidades.

A transformación dos postos de auxiliar administrativo do subgrupo C1-18 (ocupado por MIMG) e de administrativo/a de xestión catastral do subgrupo C1-20 (ocupado por RAMA), nun posto de auxiliar de xestión tributaria e información e nun posto de administrativo/a de xestión tributaria, respectivamente, promóvese co fin de homoxeneizar a súa nomenclatura, dada á similitude das funcións realizadas cos outros postos da mesma categoría e grupo de clasificación.

g) Revisión dos niveis de complemento de destino por cambio de posto

En base a criterios de competencia, mando e especialización no desempeño das correspondentes funcións, modifícase o nivel de complemento de destino nos seguintes postos de traballo por alteración do seu contido:

Posto actual	GR	Novo posto	GR
4 Oficial/a de cociña	C2-17	4 Cociñeiro/a	C2-18
1 Adxunto á xefatura Servizo de fiscalización en materia de persoal	A1-27	1 Xefatura de Servizo de Fiscalización en materia de persoal	A1-29
1 xefatura de sección do Servizo de Cooperación	A1-26	1 Adxunto/a á xefatura de Servizo de Cooperación	A1-27
1 Técnico/a de xestión de Cooperación	A2-23	1 Xefatura de Sección do Plan Cooperación	A2-25
1 Administrativo/a	C1-20	1 Xefatura de negociado de servizos xerais	C1-22
1 Administrativo/a	C1-20	1 Xefatura de negociado de actas do pleno	C1-22



1 Enxeñeiro/a de proxectos e análise xeográfico	A1-25	1 Xefatura de Sección de proxectos de Cooperación	A1-26
---	-------	---	-------

- Os catro postos de oficial/a de cociña, do subgrupo C2, adscritos ao **Centro Príncipe Felipe**, pasan do nivel 17 ao 18, pola conversión deses postos noutros de nivel superior que se corresponden coas funcións que están a desenvolver.
- O posto de adxunto/a á xefatura de Servizo de fiscalización do subgrupo A1, adscrito a **Intervención**, transformase nun posto de traballo de xefatura de Servizo de Fiscalización en materia de persoal, a fin de constituír un Servizo independente dos que se conforman esta área, ao tratarse de materias completamente diferentes e tendo en conta o volume de traballo, a complexidade das funcións e responsabilidades que derivan do seu ámbito de actuación, tanto polo seu contido como pola súa especificidade.
- O posto de xefatura de sección, do grupo A1, do **Servizo de Cooperación**, pasa do nivel 26 ao 27, para que colabore coa xefatura de Servizo e a substitúa en caso de ausencia ou enfermidade, prestando apoio nas labores de coordinación, control e seguimento dos procedementos.
- O posto de técnico/a de xestión adscrito ao **Servizo de Cooperación** A2, pasa do nivel 23 ao 25, por asignarlle a xefatura de Sección do Plan de Cooperación.
- Un posto de administrativo/a, grupo C1, adscrito a **Secretaría Xeral**, pasa do nivel 20 ao 22 pola creación dunha xefatura de negociado de servizos xerais.
- Un posto de administrativo/a, grupo C1, adscrito a **Secretaría Xeral**, pasa do nivel 20 ao 22 pola creación dunha xefatura de negociado de actas do pleno.
- O posto de traballo de enxeñeiro/a en proxectos e análise xeográfico A1-25, pasa do nivel 25 ao 26 por alteración do seu contido e transformarse nunha xefatura de Sección de proxectos de Cooperación, para que se encargue da dirección, coordinación e supervisión de todos os proxectos do Servizo así como da substitución do enxeñeiro xefe en caso de ausencia ou enfermidade.

h) Revisión do complemento específico (CE)

Tendo en consideración ás características particulares dos postos de traballo modifícanse os factores de valoración do complemento específico en determinados postos, polos motivos que se expresan a continuación:

- **Asígnase o factor dedicación** ao posto de traballo de asesor/a xurídico en admón. electrónica, transparencia e protección de datos, ante o elevado número de informes técnicos que se lle requiren sobre estas materias.
- **Asígnase o factor dedicación** ao posto de traballo de xefatura de sección de formación o factor dedicación dentro de complemento específico, como consecuencia da ampliación e diversidade de accións formativas que se organizan cada ano a través da plataforma de teleformación, o incremento da participación, así como pola atención e apoio que se debe prestar aos docentes fóra da xornada laboral cando están a desenvolver as accións



formativas, asumindo a maior parte das tarefas de forma autónoma e independente conforme a criterios previamente establecidos.

- **Suprímese o factor dedicación** nun posto de traballo de administrativo/a, do subgrupo C1, do Servizo de RRHH e Formación en compensación da nova asignación á xefatura de sección de formación.
- **Asígnase o factor dedicación** ao posto de traballo de xefatura de Sección de Residuos, dado o volume de traballo que a titular está a desenvolver fóra da xornada laboral para a emisión dos informes técnicos que se solicitan, especialmente en materia de residuos e medio ambiente, ou para prestar asesoramento e asistencia aos concellos que o requiren, entre outras.
- **Asígnase o factor dedicación** ao posto de traballo de xefatura de Sección da Explotación Gandeira da Finca Mouriscade, pola dispoñibilidade e responsabilidade que require o exercicio das súas funcións, así como polo volume de traballo e a particularidade da actividade que desenvolve en gran parte, fóra da xornada laboral, nas diferentes granxas da provincia coa implantación de embrións.

i) Dotación económica das prazas de persoal funcionario afectadas polos procesos de promoción interna horizontal de laboral fixo

Finalizados os procesos selectivos para promoción interna horizontal de persoal laboral fixo a prazas de persoal funcionario, procede dotar de consignación económica as prazas das persoas que participaron e superaron os procesos selectivos convocados con cargo ao crédito que deriva da amortización dos postos de traballo de laboral fixo, coa mesma retribución total.

En consecuencia, dotase de consignación económica as seguintes prazas, as que se lle asignan os postos de traballo que no mesmo cadro se detallan:

CX	Nº	PRAZA	Posto de traballo	Gr.	CD
RPT MUSEO PROVINCIAL					
333	1	Arquiveiro/a	Arquiveiro/a, xefatura de Sección Documentación	A1	26
333	1	Bibliotecario/a	Bibliotecario/a	A1	25
333	1	Conservador/a	Conservador/a, xefatura de Sección de Coleccións	A1	26
333	1	Conservador/a	Conservador/a, xefatura da unidade de arquivo	A1	25
333	1	Conservador/a	Conservador/a, xefatura de Sección Rexistro Bens	A1	26
333	1	Conservador/a	Conservador/a	A1	25
333	1	Técnico/a superior exposicións e actividades culturais	Xefatura de Sección de exposicións e actividades culturais	A1	26
333	1	Axudante Biblioteca	Axudante Biblioteca	A2	23
333	1	Conservador/a restaurador	Conservador/a restaurador, xefatura de unidade de conservación –restauración	A2	24
333	1	Axudante/a educación	Axudante/a educación, xefatura Sección públicos	A2	25
333	2	Conservador/a restaurador	Conservador/a restaurador	A2	23



333	1	Axudante/a conservación arquivo gráfico	Axudante/a conservación arquivo gráfico	A2	23
333	1	Axudante/a arquivo documental	Axudante/a arquivo documental	A2	23
333	7	Técnico/a auxiliar de educación	Técnico/a auxiliar de educación	C1	20
333	1	Oficial/a de montaxe	Responsable de montaxe	C2	18
333	5	Oficial/a de servizos xerais e subalternos	Oficial/a de servizos xerais e subalternos	C2	16
333	8	Subalterno/a de oficios varios	Subalterno/a de oficios varios	E	14
RPT TURISMO					
433	1	Técnico/a admón. xeral	Técnico/a administrativo	A1	25
433	1	Técnico/a medio/a de turismo	Xefatura de sección de Servizos Turísticos	A2	25
433	1	Técnico/a medio/a de turismo	Xefatura de negociado de intelixencia turística	A2	24
433	2	Técnico/a medio/a de turismo	Tecnico/a de Turismo	A2	23
433	2	Administrativo/a	Administrativo/a	C1	20
RPT COMUNICACIÓN					
924	1	Técnico/a de deseño e imaxe	Xefatura de negociado de deseño e imaxe	A2	24
924	1	Técnico/a informático/a	Técnico/a informático/a	C1	20
924	1	Auxiliar de comunicación	Auxiliar de Comunicación	C2	18
RTP ORAL					
932	4	Administrativo/a rama tributaria	Administrativo/a de xestión tributaria	C1	20
932	21	Auxiliar de admón. xeral	Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18
RPT NOVAS TECNOLOXIAS					
926	1	Tecnico/a auxiliar informático/a	Xefatura de negociado de proxectos	C1	22

As prazas de funcionario de carreira afectadas por este proceso selectivo que quedaron desertas tras a culminación do mesmo serán amortizadas, ó igual que os postos de traballo de persoal laboral fixo ocupados polas persoas funcionarizadas.

O persoal laboral fixo que non participou neste proceso selectivo ou que non o superou mantense nos seus postos de traballo dentro da RPT de persoal laboral fixo, concretamente nos seguintes:

Nº	CX	Posto de traballo	Gr.	CD
1	333	Coordinador/a publicacións	A1	25
1	333	Administrativo/xfatura de negociado	C1	22
1	333	Limpador/a	E	14
1	924	Técnico/a auxiliar maquinista Offset	C1	22
1	926	Xefatura de negociado de Programación	C1	22
1	926	Xefatura de negociado de Sistemas	C1	22



Ao posto de traballo de coordinador/a de publicacións A1-25 asígnaselle a xefatura de Sección de Publicacións, do nivel 26, para así completar a estrutura organizativa do Museo Provincial tras a constitución do novo goberno da Deputación Provincial.

j) Provisión de postos de traballo

Nas relacións de postos de traballo de persoal funcionario modifícase a forma de provisión dos postos das xefaturas de Servizo de Cultura, Deportes, NNTT e Areeiro, para permitir o acceso de persoal funcionario de igual praza, corpo ou escala doutras Administracións Públicas.

k) Modificación da relación de postos de persoal directivo

Na relación de postos directivos, introdúcense as seguintes modificacións:

- Amortízase o posto de director/a de xestión dos servizos do Oral, por razóns organizativas, que esixen una nova configuración da xestión do Oral.
- Amortízase o posto de director/a de Cultura, por razóns organizativas que responden a una nova configuración das áreas de goberno da Institución Provincial.
- Créase un novo posto de director/a de coordinación e xestión de Cultura e Deportes para que se encargue da organización, dirección e xestión dos servizos, actividades e programas relativos ás áreas de Cultura e Deportes.

SEGUNDO.- O custo total das modificacións descritas nos apartados anteriores, relativos ó cadro de persoal e ás relacións de postos de traballo de persoal funcionario, laboral, eventual e directivo concréntanse a continuación, xunto cos incrementos previstos para o ano 2024:

PERSONAL FUNCIONARIO - resumo orzamento 2024		
RESUMO	Retribucións RPT	número
Inicio 2023	26.671.895,87	806
Modificacións RPT marzo e xuño 2023	86.090,93	2
Importe RPT - FUN xullo 2023	26.757.986,80	808
CREACIÓNS - Modificación RPT outubro 2023	191.225,24	6
AMORTIZACIÓNS - Modificación RPT outubro 2023	-98.530,58	-3
Variacións mes (antigüidades)	0,00	0
Importe RPT - FUN 2023	26.850.681,46	811
Incremento 0,5%	130.923,17	0
Importe inicial RPT-FUN 2024	26.981.604,63	811
a) Creacións de prazas/postos	857.864,62	28
b) Amortizacións de prazas/postos	-336.734,00	-11
g) Revisión do CD	23.267,35	0
h) Revisión do CE	37.025,61	0



i) Funcionarización	2.171.644,86	73
Amortización de prazas funcionarizadas	-155.870,58	-6
Equiparación - PEET 2018-219	340.645,57	11
Importe RPT FUN 2024 aprobación inicial	29.919.448,06	906
Incremento do 2%	598.388,96	
Importe RPT FUN 2024	*30.517.837,02	906
Diferenza RPT 2023 e 2024	3.845.941,15	100

* No montante total inclúense dous postos de Directivos, que non forman parte da RPT dos funcionarios

PERSONAL FUNCIONARIO - Plans de Estabilización de Emprego (PEET2018 e 2021)		
RESUMO	Retribucións RPT	
Importe INICIAL RPT-PEET (2018 e 2021) 2023	448.274,74	16
Variacións 2023	-131,10	0
RPT-PEET (2018 e 2021) 2023	448.143,64	16
Incremento del 0,5%	2.185,48	0
INICIAL RPT-PEET (2018 e 2021) 2024	450.329,12	16
b) Amortizacións de prazas/postos	-34.046,66	-1
Equiparación PEET 2018-2021	-288.208,60	-11
Importe RPT-PEET (2018 e 2021) 2024	128.073,86	4
Incremento do 2%	2.561,48	0
Importe FUN RPT-PEET (2018 Y 2021) 2024	130.635,34	4
Diferenza RPT 2023 e 2024	-317.639,40	-12

PERSONAL LABORAL FIXO		
RESUMO	Retribucións RPT	número
Importe inicial RPT-lab fixo 2023	3.736.044,25	130
Variacións ano 2023	-116,98	
Retificación de erros - postos orzamento 2023	0,00	-10
Importe RPT 2023	3.735.927,27	120
Amortización Escola de Canteiros	-203.273,52	-10
Importe RPT outubro 2023	3.532.653,75	110
Amortización 1 posto técnico/a aux. pasador/a retocador/a xefe/a de negociado	-30.432,67	-1
Importe RPT outubro 2023	3.502.221,08	109
Incremento 0,5%	18.631,81	0
Importe inicial RPT 2024	3.520.852,89	109
b) Amortizacións	-82.537,94	-3
g) Revisión do CD	2.248,79	0
Importe 2024	3.440.563,74	106



FUNCIONARIZACIÓN	-2.158.603,66	-73
Importe RPT LAB FIXO 2024	1.281.960,08	33
Incremento 2%	25.639,20	0
IMPORTE FINAL RPT LAB FIXO 2024	1.307.599,28	33
Diferenza RPT 2023 e 2024	-2.428.444,97	-87

* No montante total inclúense catro postos de Directivos, que non forman parte da RPT do persoal laboral fixo

PERSONAL LABORAL FIXO DE ESTABILIZACIÓN		
RESUMO	Retribucións RPT	número
Importe inicial RPT-PEET 2023	59.706,98	2
Variacións ano 2023	-17,56	0
Importe RPT-PEET 2023	59.689,42	2
Incremento 0,5%	291,12	0
Importe inicial RPT-PEET 2024	59.980,54	2
Incremento 2%	1.199,61	0
IMPORTE FINAL RPT-PEET LAB FIXO 2023	61.180,15	2
Diferenza RPT 2023 e 2024	1.473	

DEDICACIÓNS CORPORACIÓN 2024		
RESUMO	Retribucións	número
Importes RPT final 2023	713.475,14	16
Incremento 0,5%	3.480,05	
Importe actualizado RPT 2023 (anterior corporación)	716.955,19	16
RPT nova corporación 2023	367.544,13	6
Incremento 0,5%	1.792,97	6
RPT nova corporación 2023 actualizada	369.337,10	6
Incremento 2%	7.386,73	6
IMPORTE FINAL 2024	376.723,83	6
Diferenza 2023 a 2024	-336.751,31	-10

PERSONAL EVENTUAL		
RESUMO	Retribucións	número
Importe final 2023	1.144.817,11	25
Incremento 0,5%	33.506,84	
Importe actualizado RPT 2023	1.178.323,95	25
Nova corporación	978.460,75	25
Incremento 0,5%	4.892,30	
Importe final nova corporación RPT 2023	983.353,05	25
Incremento 2 %	19.667,06	25



IMPORTE 2024	1.033.773,11	25
Diferenza RPT 2023 a 2024	-111.044,00	25

TERCEIRO.- A modo de resumen, os cambios que se introducen no cadro de persoal e na RPT de persoal funcionario, laboral fixo e eventual, reflíctense no seguinte cadro, comparando o inicio do ano 2023 co próximo exercicio e tendo en conta as creacións sen compensación que se produciron a longo do ano:

Relación de emprego	Plantilla 2023	PEET	Amortizacións	Creacións	Plantilla 2024
Persoal Funcionario de carreira	806	4	19	120	907
Persoal laboral fixo	120	2	87		33
Persoal eventual	25				25
Total persoal	951	6	106	120	965 *
Corporación dedicacións exclusivas/ parciais	16		10		6

*Nesta suma intégranse as 11 prazas de equiparación do plan de estabilización, non contabilizadas no exercicio 2023

CUARTO.- As aplicacións orzamentarias de contratación de persoal laboral temporal e nomeamentos de funcionarios interinos nas súas diferentes modalidades, incluídas no anexo II, destínanse a financiar:

- Contratacións laborais de substitución de persoas con dereito a reserva de posto de traballo ou para cubrir vacantes en tanto non se desenvolva o correspondente proceso selectivo.
- Nomeamentos interinos por exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de doce meses conforme ó previsto no artigo 10.1 d) do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TRLEBEP), para atender necesidades urxentes e inaprazables.
- Nomeamentos interinos por execución de programas de carácter temporal, nos Servizos da Estación Fitopatolóxica de Areiro, Arquitectura e Urbanismo, Comunicación Institucional, Benestar Social, Contratación, facenda e Patrimonio, Cooperación, Infraestruturas e Vías Provinciais, Intervención, Novas Tecnoloxías, Oral, Recursos Humanos e Formación, Tesourería, Turismo, Museo Provincial así como Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, facéndose unha estimación tanto das prórrogas dos existentes, que teñan continuidade, como dos novos programas de actuación da actual Corporación.
- Contratos en prácticas, dirixidos a titulados universitarios ou de formación profesional de grado medio ou superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente.

A estimación económica total cuantifícase nos seguintes cadros:



PREVISIONS NIEP E NIAT		
RESUMO	Retribucións	NÚMERO
Importe 2023 INICIAL	2.850.766,68	118
Importe 2024 FISPP		
Importe 2024 FISP	1.673.459,89	72
Importe inicial FISPPP-FISP 2024	689.099,48	42
incremento 2%	2.362.559,37	114
Importe inicial FISPPP-FISP 2024 co incremento	47.251,19	
Diferenza 2023 a 2024 co incremento	2.409.810,56	
	-440.956,12	-4

PREVISIÓN DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL		
RESUMO	Retribucións RPT	NÚMERO
Importe 2023 INICIAL	1.655.219,29	93
Importe inicial 2024 previsión laboral temporal	1.097.876,88	69
incremento 2%	21.957,54	
Importe Inicial 2024 co incremento	1.119.834,42	
Diferenza 2023 a 2024 co 2%	-535.384,87	-24

QUINTO.- De forma resumida detállase a continuación a valoración total dos custos de persoal en concepto de cota empresarial á seguridade social:

	CUSTO PATRONAL total: retribucións e seguridade social		
	Custo total 2023	Custo total 2024	Diferenzas
RPT funcionarios/as (incluído PEET)	38.250.010,70	42.621.968,41	4.371.957,71
RPT laborais fixos/as (incluído PEET)	5034649,16	1914409,87	-3.120.239,29

Previsión FIEP e FIAT)	3.740.889,99	3.174.978,18	-565.911,81
Previsión laborais Temporais	2.176.890,34	1.478.024,03	-698.866,31

Corporación dedicación exclusiva e parcial	936.222,50	498.782,35	-437.440,15
Persoal eventual	1.465.004,95	1.361.479,21	-103.525,74

-554,025,59

As cantidades previstas axustaranse nas correspondentes aplicacións orzamentarias en consideración ás vacantes existentes na relación de postos de traballo de persoal funcionario e



laboral fixo, para así non duplicar a dotación económica que resulte precisa para cubrir as necesidades dos servizos.

Ademais, nas aplicacións orzamentarias destinadas ao pago da cota empresarial á seguridade social, aumentase a dotación económica para poder atender a subida das bases de cotización e o incremento do custo, que deriva da cotización adicional prevista na DF da Lei 20/2021, de 28 de decembro, que crea o denominado “Mecanismo de Equidade Intergeneracional”, consistente nunha cotización finalista aplicable a todos os réximes e en todos os supostos nos que se cotice pola continxencia de xubilación. Nese incremento das bases tamén repercute o importe das axudas sociais que se conceden ao persoal beneficiario.

SEXTO.- As prazas de nova creación obxecto de reclasificación que queden desertas e non se cubran tras a celebración do correspondente proceso selectivo retornarán a súa situación de orixe.

SÉTIMO.- Na Escola Universitaria de Enfermería inclúense as seguintes modificacións na relación de postos de traballo de persoal laboral e de persoal colaborador:

- Na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo unificase a denominación de todos os postos de profesor/a de enfermería a tempo completo
- Na relación de postos de persoal colaborador, transformase o posto de profesor/a de prácticas clínicas I nun posto de profesor/a de Psicoloxía, coa mesma dotación económica e asignase ao posto de secretario/a académico/a unha gratificación de 2.460,24 € en cómputo anual.

Así mesmo, tendo en conta que este ano se formalizaron novos contratos de profesor/a enfermería a tempo completo tras a resolución dos procesos de estabilización de emprego temporal convocados ao amparo da Lei 20/2021, e que nos mesmos se recoñece o dereito das persoas contratadas a percibir o complemento de antigüidade, sen determinar o seu importe, en vistas á próxima integración deste persoal na Universidade de Vigo, neste orzamento contemplase o pago deste complemento persoal aplicando os criterios recollidos no Convenio Colectivo da Universidade de Vigo, cuxo artigo 29 sinala que o persoal docente e investigador contratado con vínculo permanente percibirá por cada tres anos de servizos prestados, unha cantidade igual á do persoal funcionario do mesmo grupo.

A estimación económica total do persoal da Escola Universitaria de Enfermería, cuantifícase nos seguintes cadros:

RPT DE PERSOAL LABORAL FIXO 2024		
RESUMO	Retribucións	Número
Importe final Enfermería 2023	228.254,27	9
Axustes do Incremento do 1,5% do 2023	499,26	



Importe Enfermería 2023	228.753,53	9
Variacións antigüidade PAZ DIEGUEZ MONTES		
Variacións cotización gratificación un posto		
Incremento tipo cotización COTA MEI		
Importe Enfermería 2023 actualizado	228.753,53	9
Incremento 0,5%	1.115,88	
Importe Enfermería 2024	229.869,41	9
Incremento 2%	4.597,38	
Incrementos antigüidades		
Importe FINAL Laborais Enfermería 2024	234.466,79	9

ENFERMERÍA PERSOAL COLABORADOR 2024		
RESUMO	Retribucións	Número
Importe final Colaboradores Enfermería 2023	225.949,64	26
Axustes do incremento do 1,5% do 2023	-63	
Importe inicial Colaboradores Enfermería	225.886,64	26
Incremento María González	2.400,00	26
Importe Actualizado antes da subida do 0,5%	228.286,64	26
subida do 0,5%	1.111,52	
Importe actualizado tras a subida 0,5%	229.398,16	
minoración dunha gratificación	-8.115,91	
Importe Enfermería 2024	221.282,25	26
subida do 2%	4.425,64	
Incremento dun posto	8.278,23	27
Importe FINAL Colaboradores Enfermería 2024	233.986,12	27

OITAVO.- Nas bases de aplicación de retribucións do orzamento provincial do próximo exercicio mantéñense as contías dos diferentes conceptos retributivos do ano 2023 en tanto non se aprobe o proxecto de lei de orzamento xerais do Estado para o ano 2024, reproducése o contido das anteriores e recóllense as seguintes variacións:

- Redúcese o número máximo de horas que se poden autorizar para traballos fóra da xornada laboral, que pasa de 50 horas mes a 40 horas mes.
- Elimínanse a referencias as retribucións das persoas contratadas en prácticas por estar equiparadas a postos de traballo base.
- Elimínanse a referencias á presentación dos partes en situacións de incapacidade temporal
- Elimínase a referencia á determinación do número de asistenciaes do tribunal cualificador no momento da constitución, ante a dificultade de facer esa previsión



- Requírese nas asistencias a cursos, xornada, congresos ou similares, achegar o programa da actividade para poder comprobar os horarios de inicio e fin das autorizacións en comisións de servizos.
- Requírese ter que xustificar a causa pola que non se presentan as solicitudes de desprazamentos por razón do servizo coa antelación esixida nestas bases.
- Na base segunda apartado C) relativa ao complemento de produtividade e con respecto aos *servizos prestados de forma ininterrompida dende o último contrato ou nomeamento en vigor*, elimínase a referencia ao último contrato ou nomeamento en vigor, sendo preciso que sexan ininterrompidos e se achegue informes favorables de todos os servizos nos que houberse traballado.
- Nas táboas de valoración dos subconceptos retributivos que integran o específico, introdúcese o cargo de xefatura de unidade como equivalente a xefatura de negociado
- As retribucións do persoal funcionario interino ou laboral temporal equipáranse a postos base do mesmo grupo de clasificación de persoal funcionario.

NOVENO.- En data **20 de outubro de 2023** reuniuse a Mesa Xeral de Negociación do Orzamento Provincial para o exercicio 2024. Nesta reunión expónse a proposta da Administración e explícanse as modificacións que se introducen no cadro de persoal e nas relacións de postos de traballo segundo a documentación que se lles entregou xunto coa convocatoria. Ao propio tempo, convocouse a seguinte reunión para o día **27 de outubro** ás 9:00 horas, requiríndose aos representantes sindicais que presentasen a súas propostas con antelación para poder valoralas e darlles contestación ese día. Nesta reunión as seccións sindicais defenderon o contido das súas alegacións e informáronselles dos cambios que se van a ter en conta no cadro de persoal e nas bases de aplicación de retribucións, especialmente en canto a creacións, amortizacións, cambios de adscrición, revisión de niveis de complemento de destino, creación de prazas para continuar cos procesos de promoción interna horizontal, así como a equiparación económica do persoal funcionario interino e contratado laboral temporal a postos base de persoal funcionario, ademais dos compromisos adquiridos con respecto ao estudo da posibilidade de crear o grupo B ou da eliminación das taxas pola expedición de certificados para os procesos selectivos da Deputación por promoción interna, entre outros.

DÉCIMO.- En cumprimento do compromiso asumido na Mesa Xeral de Negociación acordase, con fundamento no previsto na disposición transitoria segunda do RDL 5/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, completar o proceso de funcionarización por promoción interna horizontal do persoal laboral fixo da Deputación non afectado por procesos anteriores, dado que a actividade que veñen desenvolvendo no desempeño do seu posto de traballo atópase reservada na estrutura organizativa da Deputación a persoal funcionario, o que permitirá unificar o réxime xurídico de todo o persoal.

No seguinte cadro detállanse os postos de traballo obxecto de funcionarización:



Nº	Praza de persoal funcionario	Posto de traballo laboral fixo	Gr	Nivel	Unid
4	AXUDANTE/A DE EDUCACION	AXUDANTE/A DE EDUCACION	A2	23	333
1	TÉCNICO/A DE MANTEMENTO	TÉCNICO/A DE MANTEMENTO	A2	23	333
2	TÉCNICO/A AUXILIAR BIBLIOTECA	TÉCNICO/A AUXILIAR BIBLIOTECA	C1	20	333
2	AUXILIAR ATENCIÓN AO PUBLICO	AUXILIAR ATENCIÓN AO PUBLICO	C2	18	333
3	AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL	AUXILIAR DE XESTION TRIBUTARIA E INFORMACION	C2	18	934

12

As funcións que desempeña este persoal entran dentro das reservadas a persoal funcionario, xa que implican a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou en salvagarda dos intereses xerais das administracións públicas.

Os postos de traballo obxecto de funcionarización intégranse na Escala de Administración Xeral, subescala auxiliar e na Escala de Administración especial, subescala técnica, clase media, e auxiliar, así como na subescala de servizos especiais, clase de cometidos especiais. No cadro de persoal funcionario da Deputación créanse as prazas que se van a funcionarizar sen consignación económica e unha vez finalizados os correspondentes procesos selectivos realizaranse as modificacións orzamentarias pertinentes para que os créditos dos postos de persoal laboral fixo pasen a dotar as prazas de persoal funcionario de carreira que supere este proceso.

As prazas de persoal funcionario de carreira afectadas por este proceso selectivo que queden desertas tras a culminación do mesmo serán amortizadas, ó igual que os postos de traballo de persoal laboral fixo ocupados polas persoas funcionarizadas. Os laborais fixos que non participen neste proceso selectivo ou que non o superen mantéñense nos seus postos de traballo dentro da RPT de persoal laboral fixo adscrito ao Servizo a que pertencían.

Este proceso desenvolverase mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso oposición estando dirixido ao persoal laboral fixo da Deputación Provincial do ámbito afectado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Os artigos 4.1 e 33.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigo 70.3 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais (ROF) e artigo 126.3 do texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), atribúen ó Pleno da Corporación Provincial a organización da Deputación, así como a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo.

Tal e como esixe o artigo 90.1 da LBRLL compete á Corporación aprobar, a través do orzamento, o cadro de persoal, que deberá conter todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. O cadro de persoal deberá responder os principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de



persoal poidan superar os límites que se fixen con carácter xeral. As Corporacións locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.

Ademais o artigo 126 do TRRL sinala que os cadros de persoal deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento e haberán de responder os principios enunciados no artigo 90.1 da LBRL. A elas uniranse os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que se axustan aos mencionados principios.

Este mesmo artigo dispón que os cadros de persoal poderán ser ampliadas nos seguintes supostos:

- a) Cando o incremento do gasto quede compensado mediante a redución doutras unidades ou capítulos de gastos correntes non ampliables.
- b) Sempre que o incremento das dotacións sexa consecuencia de establecemento ou ampliación de servizos de carácter obrigatorio que resulten impostos por disposicións legais.
- c) O establecido neste apartado será sen prexuízo das limitacións específicas contidas nas leis especiais ou conxunturais.

SEGUNDO.- De acordo co previsto no artigo 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo seguirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento.

TERCEIRO.- En aplicación dos artigos 2 e seguintes do Real decreto 861/86, do 25 de abril, a contía das retribucións do persoal de Administración Local será a que fixe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado do ano correspondente para cada un dos grupos de clasificación e nivel do posto de traballo que desempeñen, tendo en conta, respecto os cambios introducidos nas RPTs, que conforme ao prescrito no artigo 18.7 desta Lei, o recollido nos apartados anteriores, en relación co incremento das retribucións, debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ó mesmo.

Ao non dispor do proxecto de orzamentos xerais do Estado para o ano 2024, recóllense as previsións incluídas no Acordo Marco para unha Administración do século XXI, aprobado en outubro de 2022 entre o Goberno de España e as organizacións sindicais (publicado no BOE nº 276, de data 17/11/2022), que estiman para o ano 2024 unha subida do 2% sobre a base das retribucións xa incrementadas no ano anterior e cal poderá engadirse outro 0,5% adicional no caso de que o IPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período.



Nas aplicacións orzamentarias de persoal funcionario e laboral consignase o montante total deste incremento.

CUARTO.- A teor do artigo 72 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, as Administracións Públicas no marco das súas competencias de autoorganización estruturan os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións e conforme ao previsto neste Capítulo.

QUINTO.- Neste sentido, o artigo 74 destaca que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Devanditos instrumentos serán públicos.

SEXTO.- En aplicación do disposto no art. 37 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda, entre outras, a aplicación do incremento das retribucións do persoal ao servizo das Administracións Pública así como a determinación e aplicación de retribucións do persoal funcionario, quedando excluídas expresamente da obrigatoriedade da negociación as decisións das Administracións Públicas que afecten as súas potestades de organización e a determinación das condicións de traballo do persoal directivo, entre outras.

Neste sentido, unha ampla e reiterada xurisprudencia, como a recollida na Sentenza do TSJ de Extremadura núm. 532/2005 de 16 xuño, recoñece que *o principio de autoorganización nas Administracións Locais, nas distintas materias relacionadas coa súa organización administrativa, está referido, fundamentalmente, á facultade para establecer as súas propias estruturas organizativas, de conformidade coa Constitución e os límites que estableza o Lexislador. Iso leva que sexa a Administración o único ente que pode e debe valorar as concretas necesidades da súa organización administrativa e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura administrativa en exercicio desa potestade de autoorganización.* Na mesma liña pronúnciase o tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do contencioso-administrativo, Sección 1ª), mediante sentenza núm. 451/2012 de 21 marzo, ao indicar que *"a finalidade do mellor servizo aos intereses xerais que se desprende do artigo 103 da Constitución presupón a atribución á Administración da capacidade de organización e coordinación dos seus servizos, sendo indiscutible tal facultade da Administración de organizar os servizos ao seu cargo na forma que estime máis conveniente aos intereses públicos, (...).* A elaboración ou confección da RPT integra, por tanto, unha cuestión organizativa que atopa adecuado encaixe dentro das facultades que nese aspecto corresponden á Administración (...).

Así mesmo, a sentenza da sala terceira do Contencioso administrativo do Tribunal Supremo (TS), de 09/04/2014 (Rec. 514/2013), declara no fundamento xurídico quinto, en referencia á STS de 16



de novembro de 2001, recurso de casación 7185/1997, FX 7º, que o cadro de persoal é un instrumento de ordenación do persoal que se presenta como unha típica manifestación da potestade organizatoria do Concello a confeccionar anualmente a través do presuposto. Conclúe no fundamento xurídico sétimo que non é preciso que “a modificación do cadro de persoal se deba someter á negociación cos sindicatos na Mesa de Negociación ao entendela excluída das materias aludidas no artigo 32 da Lei 9/1987 e si incluíla entre as que, en aplicación do art. 34.2 da mesma lei, require o sometemento a informe nos termos dos artigos 30 e 31.2 ao preponderar os “aspectos organizatorios e orzamentarios propios da potestade organizatoria municipal”

SÉTIMO.- Neste orzamento continuase co proceso de funcionarización do persoal laboral do Museo Provincial e o Servizo Oral iniciado en anos anteriores en cumprimento das seguintes disposicións normativas:

- O artigo 92 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, recolle no seu apartado primeiro que “os funcionarios ao servizo da Administración local réxense, no non disposto nesta Lei, pola Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado Público, pola restante lexislación do Estado en materia de función pública, así como pola lexislación das Comunidades Autónomas, nos termos do artigo 149.1.18.^a da Constitución. Este mesmo artigo puntualiza no apartado segundo que con carácter xeral, os postos de traballo na Administración local e os seus Organismos Autónomos serán desempeñados por persoal funcionario e no apartado terceiro que corresponde exclusivamente aos funcionarios de carreira ao servizo da Administración local o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais. Igualmente son funcións públicas, cuxo cumprimento queda reservado a funcionarios de carreira, as que impliquen exercicio de autoridade, e en xeral, aquelas que, en desenvolvemento da presente Lei, resérvense aos funcionarios para a mellor garantía da obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función.
- A disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), dispón que “o persoal laboral fixo que á entrada en vigor da Lei 7/2007, de 12 de abril, estivese desempeñando funcións de persoal funcionario, ou pasase a desempeñalos en virtude de probas de selección ou promoción convocadas antes de dita data, poderá seguir desempeñándoos. Así mesmo, poderá participar nos procesos selectivos de promoción interna convocados polo sistema de concurso-oposición, de forma independente ou conxunta cos procesos selectivos de libre concorrencia, naqueles Corpos e Escalas aos que figuren adscritos as funcións ou os postos que desempeñe, sempre que posúa a titulación necesaria e reúna os restantes requisitos esixidos, valorándose como mérito os servizos efectivos prestados como persoal laboral fixo e as probas selectivas superadas para acceder a esta condición”.



- O artigo 9 do TRLEBEP delimita as funcións reservadas ao persoal funcionario, indicando no seu apartado segundo que “en todo caso, o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas corresponden exclusivamente aos funcionarios públicos, nos termos que na lei de desenvolvemento de cada Administración Pública establézase.
- Á súa vez o artigo 22 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, relativo ás funcións e postos de traballo reservados ao persoal funcionario, sinala que corresponde exclusivamente ao persoal funcionario o exercicio das funcións que impliquen participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou en salvagarda dos intereses xerais das administracións públicas.
- Así mesmo a lexislación autonómica contempla a funcionarización do persoal laboral na disposición transitoria primeira da referida Lei de emprego público de Galicia. Así o apartado primeiro reproduce o disposto na LEBEP e o apartado cuarto permite ás demais administracións públicas, incluídas no ámbito de aplicación da presente lei, desenvolver, en condicións análogas ás previstas para a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, procesos selectivos de promoción interna abertos ao seu persoal laboral fixo que reúna os requisitos establecidos no apartado primeiro desta disposición.
- A integración e clasificación das prazas nas Escalas de Admón. Xeral e Admón. Especial efectúase conforme ao que preceptúan os artigos 169 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Polo que se refire aos destinos dos postos de traballo aos que opten os que ocupen as prazas obxecto de funcionarización, o artigo 22.1 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LRFP), relativo ao fomento da promoción interna, sinala que a proposta do Ministerio ou Organismo no que estean destinados, os aspirantes aprobados na quenda de promoción interna poderán solicitar que se lles adxudique destino, dentro do mesmo, no posto que viñesen desempeñando ou noutras postos vacantes dotados presupostariamente existentes no municipio, sempre que sexan de necesaria cobertura e cumprense os requisitos establecidos na Relación de Postos de Traballo. Neste caso, quedarán excluídos do sistema de adxudicación de destinos pola orde de puntuación obtido no proceso selectivo.
- Á súa vez o apartado terceiro, determina que a proposta do Ministro de Administracións Públicas, o Goberno poderá determinar os corpos e escalas de funcionarios aos que poderá acceder o persoal laboral dos grupos e categorías profesionais equivalentes ao grupo de titulación correspondente ao corpo ou escala ao que se pretende acceder, sempre que desempeñen funcións substancialmente coincidentes ou análogas no seu contido profesional e no seu nivel técnico, deriven vantaxes para a xestión dos servizos, se atopen en posesión da



titulación requirida e presten servizos efectivos durante polo menos dous anos como persoal laboral fixo en categorías do grupo profesional a que pertenzan ou en categorías doutro grupo profesional para cuxo acceso se esixa o mesmo nivel de titulación e superen as correspondentes probas, (número 3 do artigo 22 redactado polo apartado tres do artigo 50 da Lei 62/2003, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social).

O persoal laboral fixo que non participe ou que, habendo participado nos procesos selectivos, non os supere, manterá a súa condición de persoal laboral fixo, coa mesma clasificación profesional que tivera nese momento ata que se produza a extinción do seu contrato de traballo por calquera das causas legal e convencionalmente establecidas.

OITAVO.- En xeral, os cambios que se introducen no cadro de persoal e relacións de postos de traballo de persoal funcionario e laboral fixo basease en necesidades estruturais que derivan da reorganización das áreas de goberno da Deputación Provincial, tras a constitución da nova Corporación. Isto conleva a creación de novas prazas con cargo a amortización doutras que se atopan vacantes así como algunha outra modificación de carácter singular e excepcional en determinados postos de traballo por alteración do seu contido ou pola asunción de maiores responsabilidades, que afectan ao nivel do posto e a valoración do complemento específico. En canto á inclusión da posibilidade de abrir a provisión de catro postos de xefatura de Servizo a persoal funcionario doutras Administracións Públicas, hai que advertir que esta opción axustase ao límite previsto no artigo 38 da Lei de Emprego Público de Galicia.

NOVENO.- Por último, haberá que ter en conta o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do emprego público de Galicia, cando dispón que a relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.

Por todo o exposto, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos sinalados anteriormente, de conformidade co indicado no artigo 90 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 70.3 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, **PROPONSE** ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal funcionario, laboral fixo, directivo e eventual da Deputación de Pontevedra, nas que se introducen as modificacións da estrutura organizativa e funcións anteriormente transcritas, as cales apróbanse xunto co orzamento provincial para o ano 2024.



Asinado dixitalmente á marxe

